



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO PARA A ADXUDICACIÓN DO SERVIZO “PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS” DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL. EXPTE. 2174/2024.

ASISTENTES:

Presidente: D. José Carlos Vidal Suárez, alcalde.

Secretario: D. Vicente Pérez Millán, funcionario interino administrativo de Administración Xeral.

Vogais:

D. Faustino J. Villamor Iglesias, interventor titular municipal.(Asiste telematicamente)

D. Adrián J. Márquez Caramés, secretario en réxime de acumulación.

D. Emilio A. Caínzos Quintás, técnico de Administración Xeral.

Reunidos na alcaldía do Concello da Pobra do Caramiñal, o día 5 de agosto de 2024, ás dez horas, réunese a mesa de contratación para valorar a reclamación presentada pola licitadora EULEN SA, correo electrónico e Rexistro de entrada 2024-E-RE 2164, ás 11.09 horas do 02/08/2024, relativa á valoración do sobre C, documentación suxeita a criterios de adxudicación avaliados automaticamente.

EULEN SA presenta a reclamación contra a valoración do sobre C e solicita revisión da puntuación outorgada á súa oferta na que literalmente dişe:

“una vez revisada el acta de apertura de ofertas del expte SERVICIO “PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS” DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL.EXPTE. 2174/2024, es de interés de EULEN SA manifestar lo siguiente:

- El precio indicado ofertado por mi representada EULEN SA no se corresponde con el indicado en nuestra oferta economica. Así, en el acta de apertura de ofertas se indica que el precio por hectárea es de 1.928,37 €, cuando en la oferta economica presentada dicho precio es de 2.333,33 €

. Por otro lado y respecto del plan de igualdad, en el acta se indica lo siguiente: A empresa EULEN SA, fai constar que ten Plan de Igualdade, se ben non o acredita, nin consta a súa inscrición no rexistro correspondente, polo que non se valora. No obstante, en el pliego de clausulas administrativas se establece lo siguiente al valorar el plan de igualdad: A empresa que conte con plan de igualdade acreditado ou presentado no rexistro correspondente obterá a máxima puntuación deste criterio, a empresa que non conte con plan de igualdade cualificarase con 0 puntos

Pues bien, EULEN SA cuenta con un Plan de Igualdad inscrito en el REGCON, algo que puede ser consultado públicamente. Asimismo, el pliego de condiciones se limita a indicar que el licitador confirme si dispone o no de plan de igualdad, en ningún sitio se establece la obligación de acreditar su registro.





A POBRA DO CARAMIÑAL CONCELLO

Por ello entendemos que a EULEN por este criterio debería tener 5 puntos, u no 0, como se indica en el acta de apertura de ofertas, que se adjunta.”

A mesa de contratación revisa a documentación que consta no sobre C dos tres licitadores presentados e admitidos en observa un erro de feito en canto á determinación do prezo ofertado, da prestación correspondente a traballos de prevención, denominada prestación B, a cal se debe presentar sen IVE incluído e correspondente ás 12 hectáreas, así como o prezo por hectárea. Pois ben na valoración inicial do sobre C, o valor da hectárea presentado polas tres empresas sen IVE volveuse a desglosar restándolle o IVE polo que o erro é evidente e cómpre proceder á súa rectificación.

As ofertas presentadas polos tres licitadores, corrixido o erro, deberá ser a seguinte:

A determinación do prezo da prestación “B”, prezo ofertado para labores de prevención, será o resultado de multiplicar o prezo ofertado, sen IVE, polas 12 hectáreas a realizar os traballos de prevención, sendo polo tanto o seguinte e que cómpre rectificar:

Empresa	CIF	PREZO B	NÚM. HA	TOTAL PREZO B
1.EULEN, S.A.	A28517308	2.333,33	12	28.000,00
2.IVÁN JOSÉ FIDALGO	5293928K	2.333,33	12	28.000,00
3.SEFORGASA	B70255260	2.335,35	12	28.023,00

A valoración do prezo ofertado será polo tanto a seguinte:

Empresa	CIF	PREZO A	PREZO B	PREZO TOTAL
1.EULEN, S.A.	A28517308	15.000,00	28.000,00	43.000,00
2.IVÁN JOSÉ FIDALGO BOO	5293928K	15.000,00	28.000,00	43.000,00
3.SEFORGASA	B70255260	15.047,00	28.023,00	43.070,00

Para a determinación da valoración do factor prezo empregárase a fórmula elaborada polo Departamento de Matemática Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela e aplicable, entre outros nos procedementos de contratación da Deputación da Coruña, a cal pódese consultar no seguinte enlace: (<https://www.dacoruna.gal/contratacion/valoracion/>), e para a puntuación dos criterios de contratación de desempregados e plan de igualdade realizarase de conformidade co establecido na cláusula 11.b) do PCA, correspondendo a seguinte valoración:

A) LABORES VIXILANCIA				PUNTUACION
VIXILANCIA				
	15.404,0			
	6	3.234,85	18.638,91	
EULEN	15.000,0			
	0	3.150,00	18.150,00	3,67
IVAN FIDALGO	15.000,0	3.150,00	18.150,00	3,67





**A POBRA
DO CARAMIÑAL
CONCELLO**

	0			
	15.047,0			
SEFORGASA	0	3.159,87	18.206,87	3,25

B) LABORES PREVENCIÓN				PRECIO Ha	PUNTUACIO N
DEFENSA	28.122,53	5.905,73	34.028,26	2.343,54	
EULEN	28.000,00	5.880,00	33.880,00	2.333,33	
IVAN FIDALGO	28.000,00	5.880,00	33.880,00	2.333,33	
SEFORGASA	28.023,00	5.884,83	33.907,83	2.335,25	

TOTAL	SOBRE B	OFERTA ECONÓMICA	DESEMPR	PL IGUALD	SUBTOTAL SOBRE C	TOTAL
EULEN	19	4,29	0,00	5,00	9,29	28,29
IVAN FIDALGO	23	4,29	0,00	0,00	4,29	27,29
SEFORGASA	18	3,74	0,00	0,00	3,74	21,74

- 1- Revisada a reclamación por EULEN SA en canto ao plan de igualdade a mesa acorda valoralo con cinco puntos, tal como establece a cláusula 11.b) do PCA, e así se fai constar na valoración.
- 2- A empresa IVAN JOSÉ FIDALGO BOO, fai constar que vai contratar a un 40% de desempregados, se ben na data de publicación do anuncio de licitación non os tiña na empresa, en referencia ao último ano, tal como establece a cláusula 11.b do PCA, polo que non se valora.)

Outorgadas as valoracións ao sobre B como se fai constar na acta da mesa de contratación de data 29-07-2024, as puntuacións totais engadidas as do sobre C que corresponden aos licitadores e ordenados de forma decrecente son as seguintes:

<u>Empresa</u>	<u>CIF</u>	<u>SOBRE B</u>	<u>SOBRE C</u>	<u>TOTAL</u>
1.EULEN, S.A.	A28517308	19	9,29	28,29
2.IVÁN JOSÉ FIDALGO	5293928K	23	4,29	27,29
3.SEFORGASA	B70255260	18	3,74	21,74

Por todo o anterior, a mesa de contratación, acorda:

Primeiro.- Estimar a reclamación de EULEN SA e recitificar a acta do día 29-07-2024 en canto á valoración do sobre C, en base aos erros detectados en consonancia coa reclamación presentada pola valoración da prestación dos traballos de prevención, calculando novamente





A POBRA DO CARAMIÑAL CONCELLO

as puntuacións que lle corresponde a cada licitador e outorgarlle 5 puntos polo Plan de Igualdade, tal como consta na cláusula 11.b) do PCA.

Segundo.- Modificar a proposta de adxudicación, acordada na sesión de 29-08-2024 en base ao punto primeiro, e elevar neste intre a proposta de adxudicación do servizo “PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS” DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL. EXPTE. 2174/2024, a favor do licitador que obtivo a maior puntuación que se corresponde coa presentada por **EULEN, S.A., A28517308**, considerada como a que presenta a mellor relación calidade-prezo, no prezo ofertado de 15.000 euros máis IVE polos traballos de defensa (A) e no prezo de 2.333,33 euros/hectárea, IVE excluído, polos traballos de prevención (B), con suxeición ao establecido na súa oferta e nos pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas que rexen a licitación.

Terceiro.- Requiritur ao licitador EULEN, S.A., A28517308, que obtivo a mellor puntuación mediante comunicación electrónica para que achegue dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que tivera recibido o requirimento, a seguinte documentación:

- a) A documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a) e c) do art. 140.1 LCSP, se non se presentara con anterioridade, tanto do licitador como daquelas outras empresas a cuxa capacidades se recorra, sen prexuízo do disposto no apartado 3 do citado artigo.
- b) De dispoñer efectivamente dos medios que se comprometera a adscribir á execución do contrato conforme ao art. 76.2 LCSP.
- c) De constituír a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o Valor Engadido, por calquera dos medios a que se refire o art. 108 da LCSP.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixirlle o importe do 3% do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade, actuándose segundo o disposto no art. 150.2 da LCSP. Neste caso, procederase a requirir a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedaran clasificadas as ofertas

Cuarto.- Publicar esta acta na Plataforma de Contratación do Sector Público.

O presidente dá por rematada a reunión ás once horas e cinco minutos do día sinalado no encabezamento, para que quede constancia do tratado, redáctase a acta por min o secretario, que someto á sinatura do presidente e dos vogais, e dou fe.

Na data da súa sinatura dixital

A mesa de contratación

